

Acceso: En Pontedeume (diante da estación de servicio) coller a estrada LC-152 a Taboada-Monfero. Ós 2 km de Pontedeume, en Esteiro, na bifurcación Taboada (dereita) e Ombre (esquerda), tomar á esquerda (sinalado Mosteiro de Caaveiro 13 Km.). Continuamos por esa estrada, sen desviarnos, ata que remata. Pódese aparcar nas beiras da ponte (excepto fins de semana).

Lonxitude aproximada: 4 km.

Duración do percorrido: 2 horas.

Desnivel máximo: 50 metros.

Dificultade: Baixa

Percorrido: Para acceder ó Mosteiro de Caaveiro imos cruza-la ponte e, a esquerda, subimos uns 500 m. por un camiño ancho ata atopalo. Entre o Mosteiro e a primeira casa sae un camiño á dereita que conduce ó muiño de auga do mosteiro, cunha ponte e unha pequena fervenza. Para ir á minicentral do Parrote, baixamos de novo ata a ponte, cruzámola e camiñaremos pola marxe esquerda do río, seguindo o camiño durante uns 2 km. ata a minicentral do Parrote.

Cartografía:

I.G.N. 1:25.000 Nº X-III Pontedeume



Mosteiro de San Xoán de Caaveiro.

Construído nos séculos X e XI, sitúase nunha elevación do terreo, entre os ríos Eume e o seu afluente Sesín. Dícese que foi fundado por San Rosendo e primeiro foi mosteiro beneditino, pasando logo a ser rexentado polos canónigos regulares da orde de San Agustín. No século XVI comenza a súa decadencia ata que a principios do século XIX foi abandonado definitivamente. A finais deste século inténtase a restauración do Mosteiro.

O 13 de Agosto de 1.971 foi declarado Conxunto Histórico-Artístico e Paisaxe pintoresca, en 1.975 declarouse Monumento de interese Histórico-Artístico e en 1.980 expropiáronse os terreos que o conteñen pola creación do Parque Natural das Fragas do Eume.


En mal estado de conservación, aínda existen parte das antigas estancias, na actualidade en proceso de restauración.

Alvarella

Breanca - Doroña
Vilarmador - A Coruña
Tlf. e Fax: 981 798863
www.alvarella.com
info@alvarella.com

ROTA 4

MOSTERIO DE CAAVEIRO - MINICENTRAL DO RÍO PARROTE



Esquema do antigo Mosteiro de Caaveiro



Mosteiro de Caaveiro

ROTA 4: CAAVEIRO – O PARROTE: (P.N. DAS FRAGAS DO EUME)

